

## RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 20 DE ABRIL DE 2004

Ás 10 horas en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno do Reitorado, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa Orde do día que figura no **ANEXO I** e cos asistentes que se relacionan no **ANEXO II**.

### 1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor informa de que, en conversacións telefónicas mantidas por el mesmo co Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e pola Secretaria Xeral co Subdirector Xeral de Universidades, se informou de que os Estatutos pasaron o control de legalidade, quedando agora pendentes de pasar polo Consello da Xunta e de ser publicados no DOG.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Planificación Económica quen informa das xestións realizadas coa Xunta de Galicia, sinalando que nas últimas semanas o vicerreitorado mantivo dúas reunións coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria cunha dobre finalidade:

- En primeiro lugar, para deseñar o convenio ao que se van acoller os investimentos a acometer durante 2004 ao abeiro do plan de financiamento prorrogado por importe de 4,6 millóns de euros.
- En segundo lugar, para negociar a recuperación de 1,2 millóns de euros que, como consecuencia da falla de xustificación a 31/12/2003, constituíron o remanente de crédito a fin de 2003. A CEOU informou sobre a imposibilidade de incorporar esta contía a favor da UDC para o exercicio 2004.

Tocante á primeira cuestión, adianta que o convenio está practicamente rematado e consensuado coa Consellaría. Nas vindeiras semanas será asinado e terá o seu reflexo nos orzamentos que se están elaborando para 2004. Respecto ao segundo tema, sente non poder ser portador de boas novas. A CEOU manifestou a imposibilidade de efectuar a incorporación debido a que no plan de financiamento figura expresamente a prohibición deste tipo de actuacións. A pesar de que a esta situación se chegou por unha serie de circunstancias excepcionais alleas á actuación do anterior equipo, a Xunta mostrouse en todo momento inflexible sobre este tema. Alternativamente, o xerente e o vicerreitor tiveron unha reunión coa Directora Xeral de Orzamentos da Consellaría de Economía para explorar outra posible vía de solución, pero a posición foi idéntica á atopada na CEOU.

Respecto do novo Plan de financiamento, malia que aínda non foron convocados pola Xunta para comezar as conversas sobre o novo plan de financiamento, mantivéronse conversas coas universidades de Santiago e Vigo para coñecer as posturas de partida destas dúas institucións sobre o futuro acordo. Tamén está recentemente

redactado un “Documento Base da UDC sobre o Plan de Financiamento” onde consta a visión do Equipo de Goberno da institución acerca de cales deben ser os principios que inspiren o futuro plan e a metodoloxía de traballo para a consecución dun acordo. Pretendemos que este documento sexa sometido á consideración do CdG en breve para levar á negociación coa Xunta non só a posición do Equipo Reitoral senón a deste órgano colexiado de goberno. Antes disto, quérese coñecer a opinión dos grupos e dos colectivos que están presentes na vida universitaria para, se for posible, enriquecer este documento de traballo.

En relación coa liquidación do Exercicio 2003 e Orzamento para 2004, actualmente o servizo de contabilidade está a traballar na liquidación do exercicio 2003. Estes labores quedarán rematados nas vindeiras semanas. Os datos definitivos sobre a situación económica a 31/12/2003 serán comunicados, tal como establece a normativa, a este Consello de Goberno como paso previo á súa aprobación polo Consello Social.

Tocante ao orzamento 2004, comezáronse as tarefas para a súa elaboración. Definimos unha metodoloxía para realizar unha estimación de gastos e ingresos a partir das accións que os diferentes vicerreitorados, servizos, oficinas e unidades van desenvolver durante o exercicio en curso. Entendemos que a racionalización do gasto esixe desbotar, polo menos en parte, unha formulación incrementalista sobre o orzamento de 2003. Ademais do anterior, encargouse aos servizos competentes a estimación dos ingresos por taxas e prezos públicos, transferencias correntes, ingresos patrimoniais e transferencias de capital e a orzamentación dos gastos de persoal, consumos correntes de bens e servizos, gastos financeiros, etc. Todos estes labores deberán quedar realizados neste mes de abril. Logo comezase o proceso de consolidación das actuacións e a derradeira fase da elaboración do proxecto de orzamento.

Respecto ao orzamento global de gasto descentralizado nos centros correspondente ás aplicacións orzamentarias do capítulo 2 e 6, a posición de partida do equipo de goberno é que se incrementen tan só como consecuencia da existencia de dous centros novos (INEF e Facultade de Comunicación Audiovisual). Os criterios de reparto para 2004 serán provisorios e terán en conta as opinións dos centros formuladas na enquisa realizada polo meu antecesor no vicerreitorado, as prácticas existentes noutras universidades e as necesidades específicas que os directores de centro formulen nunha rolda de entrevistas que comezará nos vindeiros días. En calquera caso, este CdG será cumpridamente informado dos criterios aplicados para o reparto do gasto entre os centros.

Por outra banda infórmase de que entramos en contacto coa xerencia da FUAC. Informóusenos das funcións que se prestan dende a Fundación e da natureza das relacións que esta ten coa UDC. Como o documento marco que rexe estas relacións debe ser renovado, coincidimos en propoñer ao Padroado da FUAC un convenio novo onde se clarifiquen os fluxos económicos existentes entre ambas as dúas institucións, sobre todo o que afecta aos arrendamentos polo emprego de locais da UDC e á xestión do Pazo de Lóngora.

Recibiuse información sobre a “Corporación Universidade da Coruña, S.L.” procedente do seu conselleiro delegado e do director xerente desta empresa. Dado o

obxecto social desta entidade, coidamos necesario abrir unha reflexión profunda sobre a xestión da imaxe corporativa da UDC e dos espazos públicos así como dos medios para desenvolver tal xestión.

Tivéronse reunións cos responsables de asuntos económicos dos centros para coñecer a súa opinión sobre as posibilidades de axilizar a xestión económica. Despois de recibirmos unha serie de achegas construtivas, fixémonos unha opinión da situación real e dos problemas que estes profesionais teñen no seu traballo cotián. A este respecto, é intención deste vicerreitorado e de xerencia iniciar tan axiña como sexa posible unha acción orientada á formación de persoas con destino nos centros no emprego do programa SOROLLA xa que existen recentes incorporacións que ignoran como proceder co software básico de xestión económica desta universidade.

Tamén se está a estudar a convocatoria para o ano 2005 de prazas de promoción aos grupos B e C para o PAS Funcionario. Asemade analizamos a equiparación dos complementos específico e de destino para este colectivo. Finalmente, esperamos durante este mes de abril rematar a negociación co Comité de Empresa das condicións económicas do convenio colectivo do PAS laboral e estamos a valorar economicamente as actuacións en materia de estabilidade do profesorado que xorden como consecuencia da aprobación e implantación dos novos estatutos.

Noutra orde de cuestións, o servizo de retribucións, seguridade social e acción social propón o cambio do software de nóminas polos problemas que actual aplicación está a causar na confección mensual da nómina. Actualmente, estase a estudar esta cuestión en colaboración co Vicerreitorado de Calidade e Harmonización Europea, competente en temas de informática. De tomarmos algunha decisión a este respecto, o Consello de Goberno será informado cumpridamente.

O inventario dos bens da universidade estase a desenvolver na súa fase de recuento de material nos centros. Actualmente, a empresa encargada deste labor atópase na Facultade de Informática.

Finalmente, debido á situación que se vén detectando, vaise poñer en marcha unha campaña destinada a informar dos procedementos de gasto a todos os que teñen competencias deste tipo, facendo especial fincapé no uso correcto da “folla de pedimento”.

A continuación o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa de que o día 26/03/04 se reuniu a Comisión Mixta UDC-Sergas e acordou a vinculación definitiva das prazas ocupadas polos profesores Mercedes Escribano Silva, M<sup>a</sup> de los Ángeles Escribano García, M<sup>a</sup> Eugenia Amado Vázquez e D. José Martínez Vidal. Acordouse denegar a vinculación ás solicitudes presentadas por D. Javier Muñoz García e D. Jesús Luis Saleta Canosa. Respecto ás outras 3 solicitudes, que presentaban outras dúbidas, acordouse constituír unha Subcomisión de profesorado con 4 membros do Sergas e 4 membros da UDC, que se reunirán nas próximas semanas. As peticións presentadas corresponden a D<sup>a</sup> Carmen M<sup>a</sup> García Martínez, D. Javier Martínez Pérez-Mendaña e D. Adolfo Sarandeses García. O Vicerreitorado informou tamén de que xa se reuniu con todos os directores e decanos de centros para acordar o encargo de

docencia a realizar aos departamentos; encargo que se solicitou por escrito o día 15/04/2004.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa que comenzou o proceso da avaliación nos Centros que aínda non tiñan sido avaliados, así como do inicio da colaboración coa División de Sistemas de CaixaGalicia e a Obra Social para o fomento do uso de Linux na UDC. Tamén anuncia a sinatura do convenio coa Federación de Xordos para o apropiado con intérpretes aos alumnos xordos.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa de que o pasado marzo se reuniu a Comisión de Usuarios dos Servizos Xerais de Investigación, que non o facía desde o 2001, sendo Vicerreitora de Investigación a profesora Esther Fernández. Entre outros asuntos actualizáronse as tarifas dos distintos servizos. Quero que conste o agradecemento dos membros destes Servizos, así como da Comisión de Usuarios nesta tarefa. Nestas tarifas para os usuarios da UDC (tipo A) só se teñen en conta os custos de funxibles. Algunhas tarifas baixaron. Noutras producíronse subidas que non chegan a cubrir custos, pero este obxectivo suporía unha subida excesiva, polo que se irá facendo paulatinamente, asumindo a UDC a diferenza.

O Sr. Reitor dá a palabra á Secretaria Xeral, quen informa, en asuntos de PAS, que mediante escrito de data 8 de marzo de 2004, con entrada o 9 de marzo, o Comité de Empresa solicitou a cobertura por adscrición provisional das prazas vacantes na categoría de auxiliar de servizos, seguindo uns criterios determinados. A proposta foi aceptada e os postos estanse xa cubrindo. Tamén informa de que, tras informe da Xunta de Persoal sobre as bases, e en canto se resolvan os concursos de prazas de libre designación pendentes, se convocará concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos, ata o nivel 18, en particular coa intención de permitir o traslado entre os campus de persoal funcionario de recente incorporación. Así mesmo, a Xunta de Persoal solicitou por escrito de data 30 de marzo de 2004 asinar un acordo de calendario de promocións para o persoal funcionario dos grupos D e C. Neste momento a UDC está a determinar as posibilidades orzamentarias, pero este equipo ten a intención de asinar un acordo de mínimos que poderá mellorarse segundo como resulte a negociación do plan de financiamento para o próximo ano.

En asuntos xurídicos, a Secretaria Xeral informa de que, con data de 26 de marzo de 2004, se coñece a sentenza do Ilmo. Sr. Maxistrado-Xuíz D. José Manuel Ramírez Sineiro, titular do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña no recurso contencioso interposto por D. Justiniano Rodríguez Soto e outros contra a Universidade da Coruña e outros, na cal se desestima o recurso e se lle imponen á UDC as costas procesuais. Con data de 1 de abril de 2004 incorpórase en comisión de servizos á praza de letrado-asesor D<sup>a</sup>. Beatriz Rodríguez Fraga,

anteriormente Letrada habilitada da Xunta de Galicia, destinada no Servizo de Defensa Xurisdiccional e Asuntos Constitucionais.

Respecto de cesamentos e nomeamentos, ata a celebración deste Consello de Goberno cesaron nos cargos de nomeamento libre que ocupaban e rescindíronse os contratos de alta dirección dun total de 38 persoas. Nomeáronse para cargos de nomeamento libre un total de 17 persoas, das cales 10 son PAS e 7 son PDI, iniciando así o cumprimento dun punto importante do programa do equipo de goberno, consistente na profesionalización da xestión universitaria como primeiro paso para lograr unha administración moderna, eficaz e operativa. Tamén se informa de que se nomeou como Secretario do Departamento de Humanidades, por petición do Director deste, a D. José María López Vizoso.

## **2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 17 DE MARZO DE 2004**

**Apróbbase** por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 17 de marzo de 2004, introducindo no punto 6, nomeamentos, a mención ao nomeamento como Directora do Servizo de Normalización Lingüística de D<sup>a</sup>. Goretti Sanmartín Rei, que por erro se omitira, como fixo ver a Sra. Martínez López.

## **3. ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO CONSELLO DE GOBERNO NO CONSELLO SOCIAL**

A Secretaria Xeral informa de que, de acordo co artigo 14 LOU, “serán membros do Consello Social, o Reitor, o Secretario Xeral e o Xerente, así como un profesor, un estudante e un representante do PAS, elixidos polo Consello de Goberno de entre os seus membros”. Para efectuar a elección propón o calendario electoral que se recolle no **ANEXO III**. O calendario é **aprobado** por asentimento.

Ás 11 horas preséntanse as candidaturas individuais que se recollen no mesmo anexo. Ás 11.15 horas faise a proclamación provisoria de candidatos que se recolle no mesmo anexo. Ante a existencia dunha soa candidatura nos sectores de profesores e PAS **acórdase** por asentimento e por proposta da Secretaria Xeral prescindir da votación neses sectores. Tamén **se aproba** por asentimento e por proposta da Secretaria Xeral adiantar o calendario, procedendo inmediatamente á proclamación definitiva de candidatos que se recolle no mesmo anexo e á votación ás 12 horas. Antes da proclamación definitiva retírase D. Gael González Veira. Tras a votación e o recuento o resultado é de 3 votos en branco, 26 a favor de D<sup>a</sup>. María Dolores Rodríguez Amoroso e 8 a favor de D. Juan Villar de la Riera. A proclamación provisoria de candidatos electos, así como a proclamación definitiva, recóllense no mesmo anexo.

Son elixidos como representantes do Consello de Goberno no Consello Social:

- polo sector de profesores, D. Anxo Ramón Calvo Silvosa

- polo sector de PAS, D. José Antonio Rilo López
- polo sector de estudantes, D<sup>a</sup>. María Dolores Rodríguez Amoroso.

#### **4. APROBACIÓN DE CONVENIOS**

A Secretaria Xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO IV** desta Acta, sen que se solicite ningunha aclaración por parte dos membros do Consello de Goberno.

Os Convenios son **aprobados** por asentimento.

#### **5. VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO**

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa de que os expedientes xa pasaron pola Comisión de Asuntos Económicos e foron informados favorablemente. Na Comisión tratouse tamén o problema que presentan tres viaxes realizadas polo Director do Servizo de Extensión Universitaria con outras persoas hai anos, decidindo a Comisión abrir dilixencias informativas, sen prexuízo de acordar o pago aos provedores.

A validación dos expedientes de gasto, cuxa relación se atopa no **ANEXO V**, **apróbbase** por asentimento.

#### **6. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN SOBRE VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO**

**Apróbbase** por asentimento a seguinte proposta:

1. Delegar no Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica a determinación da imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos de gastos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.
2. Delegar na Comisión de Asuntos Económicos a validación, se proceder, de expedientes de gasto e a correspondente imputación destes a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores malia que non existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia e/ou non fosen debidamente adquiridos consonte o ordenamento vixente. O Consello de Goberno será informado das validacións realizadas pola Comisión delegada.

A Sra. Martínez López pregunta como se pode axilizar a tramitación das facturas dos centros, e comenta o sucedido na Facultade de Filoloxía, con facturas retidas e

cursadas un ano despois. O Sr. Reitor contesta que as facturas deben tramitarse en tempo e forma e toma nota do problema.

## **7. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ESTUDO DE POSGRAO**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre a proposta de modificación do Curso de Especialización en Dirección e Xestión de Centros de Servizos Sociais, que se recolle como **ANEXO VI**, que afecta ao número de créditos, contido do curso, prezo da matrícula e inclusión da ensinanza non presencial ou semipresencial.

As modificacións do curso son **aprobadas** por asentimento.

## **8. NOMEAMENTOS E CESAMENTOS**

De acordo co disposto no art. 170 dos Estatutos da UDC, infórmase ao Consello de Goberno de que se efectuará o cesamento de D. Enrique Peña González como Director do Servizo de Extensión Universitaria, pasando a ocuparse en exclusiva da Oficina de Acción Solidaria, e o nomeamento de D<sup>a</sup>. María Antonia Señarís Rodríguez como Directora dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación.

A Sra. Martínez López comenta que as siglas OAS deberían cambiarse, polas connotacións históricas que posúen. Ábrese un debate e o Sr. Reitor péchao indicando que se quere cambiar o nome da Oficina pero estase a avaliar o custo do cambio.

## **9. APROBACIÓN DE LICENZAS**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa de que a licenza solicitada por D. Miguel Fernández del Olmo por un ano na University College London foi informada favorablemente na COAP e polo departamento afectado. **Apróbase** por asentimento conceder a licenza.

O Sr. Vicerreitor retira a comisión de servizo solicitada por D. Carlos Oteo Mazo da orde do día.

## **10. PROPOSTA DE CAMBIO DE ÁREA**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa de que o cambio de área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial a Linguaxes e Sistemas Informáticos, dentro do mesmo Departamento de Computación, solicitado por D. Juan Ramón López Rodríguez foi informado favorablemente na COAP e polo departamento e non supón cambio de docencia. O cambio de área **apróbase** por asentimento.

## **11. PROPOSTA DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DIPLOMADO, ARQUITECTO TÉCNICO, ENXEÑEIRO TÉCNICO, LICENCIADOS, ARQUITECTO E ENXEÑEIRO DO CURSO 2002/2003**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica retira da proposta os premios correspondentes á Licenciatura en CC. Económicas e Empresarias, por estar pendentes de resolución dúas reclamacións que poden afectar á proposta feita.

O Sr. Méndez Salgueiro explica que o premio deserto en Deseño Industrial débese a que por cuestións administrativas o alumno que podía optar a él non presentou a solicitude a tempo. Ábrese un debate sobre a posibilidade de abrir prazos máis amplos de solicitude entre os Sres. Méndez Salgueiro, Martínez Abella, Rilo López, Vidal Román, Pérez Valcárcel e o Sr. Reitor, quen o pecha sinalando que se estudiará a posibilidade de facilitar o trámite da solicitude.

**Apróbase** por asentimento a relación de premios recollida no **ANEXO VII**.

## **12. ROGOS E PREGUNTAS**

Trátanse temas referidos ao recurso contra a RPT, a infrautilización de equipos de investigación, o depósito de obras de arte nos Centros, os criterios de elaboración do POD, a xestión do inventario, entre outros.

A sesión levántase ás 12 horas.